

1. Identifica os pronomes persoais que atopes no seguinte texto (nº de liña en que se sitúan)e clasifícaos segundo os seguintes aspectos:

-persoa e número

-tónico/átono

-función sintáctica

Falara con eles xa había uns días e a verdade pensei que non tomarían en serio a miña proposta. Pero viñeron sen me avisar e cando os vin na porta quedei pampo.

-Sorpresa, aquí nos tes. Coidabas que non eramos quen de vir?

-Brais, Mario, como é posible?...pero se lle contei a Marta a conversa que tiveron con vós por teléfono e díxome que estabades moi ocupados coa organización dunha viaxe a Florencia e que vos sería imposible vir por aquí...Pola cara de pillabáns que poñedes comezo a sospeitar que tiñades todo argallado con ela, non si?

-Sómosche así. Non che quixemos dicir nada, home, xa sabes, as sorpresas son as sorpresas, pero se chegamos en mal momento...

-Non digades parvadas, a miña casa é vosa. Pousade as maletas que xa as subiremos máis tarde. Agora o que me presta é tomar un café e falar. Tédesme tanto que contar. A min e a Marta, claro. Vouna chamar de contado á oficina aínda que penso que xa debe estar de camiño.

-Oes, Susiño, co café haberá algo máis, mira que che vimos esfameados da viaxe.

2. Indica os pronomes persoais e a súa función sintáctica:

1. Quen vos contou onte iso?

2. Encontreivos na casa almorzando.

3. Nunca volo ensinarei!

4. Xa se decidira a iso cando vós chegastes.

5. Non mas poñas aí que estorban.

6. Ti escribe o que che pareza.

7. Déillelas porque non me servían.

8. Eles lavábanse sempre usando xabón do caro.

9. Non chas quería nin regaladas.

10. Vostede faga o que queira.

11. Comigo aprenderás moito; logo, explicarasllo ao teu irmán.

12. Xa che llelo emprestei onte.
13. A ela recolleuna seu pai.
14. Non lles teñas medo, que non te van comer.
15. Veuno traer onte cando te ías .

3.- Colocar, sempre que sexa posible, o pronome se no lugar que lle corresponda e sempre que se poida:

1. Nunca ... arrepentiu... e anos despois ... marchou... de alí.
2. Agora ... queixa... porque ... casou ... moi novo.
3. Aquí ... falou... moito del cando ... morreu...
4. Cando ... foi... da cidade non ... atreveu... a ... despedir...
5. ...deixou... estar sentado porque xa non ... vía... o sol.
6. ...lavou... as mans antes de ... comer... unha ameixa.
7. Este ano ... lembrou... de min e ... puxo... a facer o roscón a tempo.
8. ...espertou... cedo, ... ergueu... da cama, ... penteou... e ... botou... á rúa.
9. Como ... ri... o condenado!, ... merece... un bo premio.
10. Con este frío ...vai... conxelar... a auga da traída.
11. Os capóns sempre ... soben... a sitios altos e ... poñen... a cantar.
12. Por que os cans ... arriman... ás paredes para mexaren?
13. Se ... poñen... á sombra van ter frío.
14. ... pon... lavanda no cuarto e os insectos xa ... marchan...
15. Cando o gato ... montou... no coche xa ... empezou... a lambar...

4. Coloca te ou che (o que corresponda), no lugar conveniente:

1. Lembro que ... ollou... fixamente.
2. Esa luz non é boa para ... proxectar... a imaxe.

3. Cando ías polo carreiro, a silva ... rachou... a camisa.
4. Aquel barbeiro non ... rapou... a xeito.
5. Nunca ... convencerá... de marchar.
6. Non confíes máis nese amigo, ... vendeu... na primeira ocasión.
7. E eu que ... coidaba... máis esperto!
8. Cibrán ... rexeitou... os argumentos aquel día.
9. Non sei se ... salientei... ben o que me interesaba.
10. Esa desgraza ... marcou... para o resto da vida.
11. Moito ... quere... aínda que non o recoñezas.
12. Non fagas caso cando ... sorría... así.
13. Coidado coa praia, ... pode... torrar... o sol.
14. Foi un veciño quen ... axudou... a subir á maceira.
15. Hoxe ... gañou... o Pedro, tes que xogar mellor.
16. A cámara ... enfocou... perfectamente esta vez.
18. Non traio nada para ti, este ano ... esqueceu... o xefe.
19. Ese viño ... embebedou... sen ... dares... conta.
20. Onde ... colocaches... para saíres tan ben na fotografía?